



## RESULTADOS E ANÁLISE DAS PREFERENCIAS FORMATIVAS TRASLADADAS POLOS COLEXIADOS PARA O PLAN DE FORMACIÓN 2018

Hai unhas semanas pedímosvos que contestádes a unha breve enquisa co obxectivo de coñecer as vosas preferencias e principais demandas formativas para, a partires delas, establecer a programación e contidos do plan de formación 2018.


**Nesta enquisa participaron 283 colexiados.** A partir das respostas achegadas, elaborouse este informe que expón e tenta sintetizar os resultados das vosas respostas, establecendo as liñas principais de deseño para a formación a desenvolver no vindeiro ano.

Queremos agradecervos novamente a vosa colaboración e o interese amosado, e esperamos que a programación plantexada a partires desta enquisa sexa capaz dar a mellor resposta ás vosas necesidades.



## 1. PERFIL DOS COLEXIADOS QUE PARTICIPARON NA ENQUISA


### 1.1. Distribución por Delegacións:



### 1.2. Distribución por idades:



### 1.3. Distribución por idades e situación laboral:






## 2. PREFERENCIAS FORMATIVAS


### 2.1. Cursos de actualización profesional:

Para este tipo de cursos, maniféstase un elevado interese polas cuestións relacionadas co aforro enerxético (74% das respostas) e os diferentes aspectos relacionados con este (arquitectura bioclimática, enerxías renovables, certificación enerxética, etc.), seguido da actualización en normativa de edificación (68%) e os relacionados cos diferentes sistemas construtivos (66%).



### 2.2. Cursos de especialización:

En cursos de especialización, materia que concentra maior interese é a rehabilitación (64%), en todas as súas variantes (solucións construtivas, rehabilitación funcional, enerxética, patoloxías, etc.).





### 3. ASPECTOS ORGANIZATIVOS DOS CURSOS


#### 3.1. Modalidade formativa e duración:

En cursos de actualización profesional (de duración curta), a preferencia é a formación presencial (41%), seguida da formación on-line (33%).


Pola contra, en cursos de especialización, a maior parte dos Colexiados que respostaron a enquisa manifestaron que a súa preferencia é a formación semipresencial (41%), seguida da formación on-line (30%).

En canto á duración das actividades formativas de actualización profesional, estímase que a duración óptima está en torno ás 20 horas.

#### 3.1.2. Cursos de actualización profesional



#### 3.1.2. Cursos de especialización




#### 3.2. Prezo e horario:

O 45% dos Colexiados que respostaron a enquisa estiman que un prezo de 10€/hora para actividades formativas presenciais resulta adecuado, fronte a un 41% que o considera excesivo.


En canto ós horarios, amósase unha acusada preferencia pola franxa de tarde entre semana e pola combinación “venres tarde-sábado mañá”.



### 3.2.1. Prezo 10 €/hora para actividades formativas presenciais



### 3.2.2. Horario para actividades formativas presenciais





## RESUMO DOS PRINCIPAIS CONTIDOS E TEMAS DE INTERÉS PROPOSTOS POLOS COLEXIADOS QUE RESPONDERON A ENQUISA

A continuación recóllense, de forma sintetizada e agregada, as diferentes temáticas que, dentro dos ámbitos do seu interese, foron propostas como contidos a desenvolver no plan de formación 2018 polos colexiados que participaron na enquisa.

En xeral, hai dúas cuestións transversais trasladadas de forma reiterada que teñen que ver co enfoque e deseño dos cursos, así como coa posibilidade de levar a cabo outro tipo de actividades que contribúan á actualización e formación dos colexiados:

1. Apúntase á conveniencia de que os cursos contén cun **maior enfoque práctico**, ampliando as horas destinadas a exercicios, casos prácticos e talleres; incluso, naqueles en que a temática o faga oportuno, pídese contemplar a posibilidade de facer visitas a edificios e obras en construción.
2. Proponse tamén, como complemento á formación, que o COAG facilite a xeración de **foros de debate e actualización en normativa** de urbanismo e edificación, nos que se analicen de forma permanente as principais novidades e as súas implicacións prácticas.



## 1. CURSOS DE ACTUALIZACIÓN PROFESIONAL

### 1.1. Urbanismo e ordenación do territorio

- › Lei 2/2016 do Solo de Galicia e o seu Regulamento e Lei de Emprendemento , tanto de forma xenérica como en aspectos concretos das mesmas (disciplina, regulación das edificacións en solo rústico, licencias e comunicacións previas) enfocados de forma práctica.
- › Rexeneración e renovación urbana.
- › Avaliación ambiental.
- › Sistemas de información xeográfica.
- › Marco regulador do urbanismo e da ordenación do territorio.
- › Lei de Patrimonio.
- › Paisaxe.

### 1.2. Edificación

- › Código Técnico da Edificación. Aplicación do seu ámbito xeral.
- › Documentos básicos do CTE, as súas modificacións e interpretacións oficiais.
- › Cursos prácticos de aplicación das esixencias normativas en elaboración de proxectos.
- › Normativa de ámbito autonómico.
- › Protección contra incendios (DB-SI + Regulamento de protección contra incendios en establecementos industriais)
- › Acondicionamento acústico e ruído.
- › Normativa sectorial de aplicación a usos e actividades.
- › Ascensores
- › RITE
- › Normas de Habitabilidade en Vivendas.
- › REBT

### 1.3. Aforro enerxético

- › Edificación de consumo enerxético case nulo.
- › Estándar Passivhaus.
- › Ferramentas de cálculo de verificación de esixencia básica de aforro enerxético e certificación enerxética.
- › Rehabilitación enerxética.
- › Criterios de cálculo e de deseño.
- › Enerxías renovables.





#### 1.4. Sistemas construtivos

- › Arquitectura bioclimática e bioconstrución.
- › Novos sistemas e solucións construtivas.
- › Fachadas ventiladas.
- › Cubertas, impermeabilizacións.
- › Madeira.
- › Aplicación de novos sistemas construtivos e solucións para rehabilitación.
- › Sistemas prefabricados.
- › Patoloxías.
- › Sistemas tradicionais.

#### 1.5. Instalacións

- › Enerxías renovables. Xeotermia, aerotermia, biomasa, solar. Criterios de deseño e cálculo.
- › Sistemas de renovación de aire.
- › Instalación de iluminación.
- › Instalacións de calefacción e refrixeración.
- › Instalacións urbanas.
- › Normativa de aplicación ao cálculo e deseño de instalacións.

#### 1.6. Inspección e patoloxía.

- › Informe de Avaliación de Edificios
- › Patoloxía estrutural e de sistemas construtivos.
- › Boas prácticas na elaboración de informes periciais.
- › Reparación de patoloxías.
- › Técnicas de análise e diagnose.

#### 1.7. Planificación e xestión

- › Metodoloxías BIM.
- › Dirección e control da obra.
- › Coordinación de seguridade e saúde.
- › Xestión de proxectos.

#### 1.8. Outros

- › Taxacións e valoracións.
- › Implementación de metodoloxías BIM en estudos de arquitectura.
- › Práctica profesional.
- › Xestión de estudos de arquitectura: LOPD, lexislación laboral, etc.
- › Aplicacións informáticas: Revit, Arquímedes, Achicad, Cype, Presto, etc.



## 2. CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN

### 2.1. Urbanismo e ordenación do territorio

- › Lei 2/2016 do Solo de Galicia e o seu Regulamento e Lei de Emprendemento , tanto de forma xenérica como en aspectos concretos das mesmas (disciplina, regulación das edificacións en solo rústico, licenzas e comunicacións previas) enfocados de forma práctica.
- › Sistemas de información xeográfica.
- › Afeccións sectoriais.
- › Paisaxe.
- › Lei de Patrimonio.
- › Paisaxe.

### 2.2. Sistemas construtivos

- › Arquitectura bioclimática e bioconstrución. Solucións para edificios de consumo enerxético case nulo.
- › Estándar Passivhaus.
- › Rehabilitación arquitectónica e enerxética.
- › Novos sistemas e solucións construtivas.
- › Fachadas ventiladas.
- › Cubertas.
- › Impermeabilizacións.
- › Madeira.
- › Fábrica de cantería.
- › Aplicación de novos sistemas construtivos e solucións para rehabilitación.
- › Construción con elementos prefabricados.
- › Sistemas construtivos tradicionais.

### 2.3. Instalacións

- › Enerxías renovables. Xeotermia, aerotermia, biomasa, solar. Criterios de deseño e cálculo.
- › Sistemas de renovación de aire.
- › Instalación de iluminación.
- › Instalacións térmicas.
- › Recuperación de augas grises.
- › Instalacións urbanas.
- › Normativa de aplicación ao cálculo e deseño de instalacións.
- › Aplicación de metodoloxías BIM ao cálculo de instalacións.



#### 2.4. Estruturas

- › Estruturas de madeira.
- › Estruturas metálicas.
- › Cimentacións.
- › Criterios de intervención e deseño en rehabilitación.
- › Patoloxía e solucións.
- › Aplicación de metodoloxías BIM ao cálculo de estruturas.

#### 2.5. Rehabilitación e restauración

- › Aplicación do CTE ás obras de rehabilitación.
- › Aforro enerxético en rehabilitación.
- › Rehabilitación de cascos históricos. Intervención no patrimonio construído.
- › Técnicas construtivas en rehabilitación.
- › Rehabilitación estrutural.
- › Aplicación de cales, xesos e arxilas.
- › Reforzos estruturais, illamentos, instalacións.

#### 2.6. Outros

- › Xestión de proxectos nun entorno BIM.
- › Valoracións inmobiliarias e urbanísticas.
- › Aplicacións informáticas: Revit, Arquímedes, Achicad, Cype, Presto, etc